



Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
EEASSD DO SISTEMA EDUCATIVO DE GALICIA

Modelo MD75PRO0_

Guía docente

Título superior de diseño

Especialidade: Gráfico

Disciplina: Organización e lexislación



Índice

1.	Identificación e contextualización	3
2.	Descrición da disciplina	3
2.1	Descritores	3
2.2	Relación con outras disciplinas de contidos progresivos.	3
2.3	Interese da disciplina para a consecución dos obxectivos da titulación	3
2.4	Metodoloxía	4
3.	Obxectivos	4
4.	Competencias que se desenvolven na disciplina	5
4.1	Competencias transversais	5
4.2	Competencias xerais	5
4.3	Competencias específicas da titulación	5
5.	Organización dos contidos	5
5.1	Contidos	5
5.2	Organización	6
6.	Procedemento de avaliación	6



1. Identificación e contextualización

Datos da disciplina					
Escolas	EASD Pablo Picasso – A Coruña				
Web escolas	www.eapicasso.com				
Mail escolas	escola.arte.pablo.picasso@edu.xunta.es				
Materia	Optativas				
Disciplina	Organización e lexislación				
Carácter	Formación básica (F.B.)	Tipo	Teórica (T.)	Duración	Anual
Curso	3º			Créditos ECTS	4
Horas de clase semanais		2			
Horas de traballo non presencial		24			
Horas de titoría		4			

2. Descrición da disciplina

2.1 Descritores

- Propiedade intelectual e industrial.
- Organización e economía de empresa.
- Técnicas de análise de mercado.
- Fundamentos da economía de produción.
- Métodos de investigación e experimentación propios da materia.

2.2 Relación con outras disciplinas de contidos progresivos

Esta disciplina non ten relación con outras de contidos progresivos.

2.3 Interese da disciplina para a consecución dos obxectivos da titulación

Adquirir o coñecemento básico que lle permita analizar os mecanismos de funcionamento dunha empresa, as súas tipoloxías e personalidades xurídicas así como a súa organización económica e comercial dentro do sector do deseño gráfico. Inclúense aspectos de carácter legal máis habituais neste sector, como a propiedade intelectual e industrial, así como un módulo de procura de emprego no sector.



2.4 Metodoloxía

Actividades introductorias

Explicación aos alumnos/as do desenvolvemento da materia ao longo do curso, incidindo nas competencias e nos contidos que se traballan, a metodoloxía e o sistema de avaliación.

Exposición maxistral

Explicación por parte do profesorado na aula dos contidos dos temas ou unidades didácticas enumeradas.

Prácticas presenciais

Resolución por parte do alumnado dos exercicios prácticos propostos en cada tema, a partir dos contidos teóricos.

Prácticas non presenciais

Resolución por parte do alumnado das actividades e problemas propostos nalgúns temas mediante traballos autoxestionados onde completará os coñecementos teórico-prácticos.

Exposición e debate

Exposición e defensa por parte do alumnado de algún dos traballos realizados ao longo do curso.

Titorías docentes

A súa finalidade é resolver dúbidas, tutelar e coordinar as prácticas.

Actividades de avaliación

- **Formativa.**
 - Comprende o funcionamento cognitivo fronte as tarefas.
 - Adaptar os procesos aos progresos e dificultades.
- **Sumativa.**
 - Comprobar si se adquiriron as competencias previas.
 - Establecer balances dos resultados.

Actividades complementarias

Actividades realizadas para complementar a formación, academicamente dirixidas, relacionadas cos contidos e realizadas no centro ou fora del.

3. Obxectivos

Acadar as competencias transversais, xerais e específicas da titulación durante o desenvolvemento da disciplina.



4. Competencias que se desenvolven na disciplina

4.1 Competencias transversais

- T.1. Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
- T.2. Recoller información significativa, analizala, sintetizala e xestionala adecuadamente.
- T.15. Traballar de forma autónoma e valorar a importancia da iniciativa e o espírito emprendedor no exercicio profesional.

4.2 Competencias xerais

- X.1. Concibir, planificar e desenvolver proxectos de deseño de acordo cos requisitos e condicionamentos técnicos, funcionais, estéticos e comunicativos.
- X.7. Organizar, dirixir e/ou coordinar equipos de traballo e saber adaptarse a equipos multidisciplinares.
- X.18. Optimizar a utilización dos recursos necesarios para alcanzar os obxectivos previstos.
- X.22. Analizar, avaliar e verificar a viabilidade produtiva dos proxectos, desde criterios de innovación, xestión empresarial e demandas.

4.3 Competencias específicas da titulación

- E.G.13. Coñecer o contexto económico, social, cultural e histórico en que se desenvolve o deseño gráfico.
- E.G.14. Comprender o marco legal e regulamentario que regula a actividade profesional, a seguridade e saúde laboral e a propiedade intelectual e industrial.
- E.G.15. Reflexionar sobre a influencia social positiva do deseño, valorar a súa incidencia na mellora da calidade de vida e do ambiente e a súa capacidade para xerar identidade, innovación e calidade na produción.

5. Organización dos contidos

5.1 Contidos

Introducción ao dereito: o sistema xurídico e a plicación do dereito.

Organización e economía de empresa: elementos, obxectivos, organigramas, competencia, xestión administrativa e comercial.


Modelos de contratación: tipos de contrato, o currículo vitae, entrevistas de traballo e procura de emprego.

Lexislación: Propiedade intelectual e industrial (a obra, os dereitos morais e patrimoniais do autor, signos distintivos e protección dos dereitos do autor), lexislación publicitaria (publicidade ilícita e asociación de autocontrol) e lei de protección de datos de carácter persoal.

Fundamentos de economía de produción: o equilibrio de mercado e o sistema financeiro.



5.2 Organización



6. Procedemento de avaliación

A ensinanza é de carácter presencial e asistencia obrigatoria.

A avaliación é continua e o alumno/a disporá de dúas convocatorias por ano académico, ordinaria e extraordinaria.